
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/7-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DA CORUÑA E BARALLOBRE	
Plan explotación⁽¹⁾	OURIZO	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	De punta Langosteira ata punta Segaña
Subzonas de explotación	Zona A: de Pta. Langosteira ao dique de Abrigo. Zona B: de Bastiagueiro ao peirao de Sada. Zona C: de Perbes a praia de Centroña. Zona D: de espigón de Ares a Pta. Segaña

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
-	7	15+2
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
NON		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción						30						
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: Mergullo Semiautónomo												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X									

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Ourizo	-	300 kg	100 kg

Artes a empregar	Mergullo con subministro de aire dende superficie											
Puntos de control	Lonxas de A Coruña e Barallobre, portos de Lorbé e Ares											
Puntos de venda	Lonxas autorizadas da Comunidade Autónoma Galega											
Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados					X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Zona A: da Illa Redonda a Illa de San Pedro e Millenium. Zona B: de Sta. Cruz-Mera a Riazor, Orzán e San Amaro e de Lorbe-Sada a As Mirandas. Zona C: da Carboeira a punta Torrela. Zona D: da Coitelada-punta Avarenta a Arnela de Dexo (A Marola-Dexo).												
Especies: Ourizo (<i>Paracentrotus lívidus</i>)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito do plan: O ámbito deste plan é o comprendido entre punta Langosteira e Punta Segaña. Non se aproba a ampliación proposta neste plan da zona de extracción, posto que sobrepasa o límite da zona VII e se solapa con plan de explotación conxunto de ourizo da zona VI e co plan de explotación de ourizo da confraría de Ferrol.

Participantes: O número de embarcacións proposto neste plan é de 6, cando conforme aos datos da Consellería son 7 as embarcacións co recurso ourizo (Z7) autorizadas para traballar nesta zona: 6 asociadas á confraría de A Coruña e 1 asociada á confraría de Barallobre. O listado anexo ao plan presentado non inclúe a embarcación que dispón do recurso ourizo Z7 no seu permex, polo que debe ser incluída neste plan. Ademais, en dito listado, asígnanselle 2 cotas á embarcación cando lle corresponde 1.

Ampliación: No plan de explotación aprobado para o ano 2009, autorizouse un incremento de un mergullador para a embarcación da confraría de Barallobre e 1 mergullador para as embarcacións da confraría de A Coruña, incremento que non se levou a cabo por non cumprir ningunha das embarcacións cos requisitos esixidos. No plan de explotación aprobado para o ano 2010, aprobouse a convocatoria dun novo proceso para cubrir esas dúas prazas, polo que de non levarse a cabo antes de fin de ano, poderase convocar ao longo do 2011.

Días máximos de extracción: A evolución negativa da produción de ourizo nesta zona, que levou ao cese desta actividade durante dous anos, desaconsella acceder ao incremento proposto do número de días máximos de extracción respecto do plan en vigor, polo que se mantén en 30 días ao ano.

Topes máximos de captura: O tope queda establecido por mergullador enrolado e a bordo e día. Así, o tope máximo de captura é de 100 kg/mergullador/día cun máximo de 300 kg/embarcación/día.

Puntos de control: Deberán elaborar as normas dos puntos de control e designar as persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes no plan. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: "no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, cada embarcación deberá remitir, **quincenalmente, os datos de captura diarios** segundo o seguinte estadiño que lle será facilitado polos técnicos do Departamento Territorial de A Coruña: día de extracción, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos, zona de traballo, profundidade media, tempo de mergullo e observacións.

É obrigatorio para todos os membros do plan cubrir e remitir dito estadiño. As embarcacións que non saíran a faenar deberán comunicar esta circunstancia ao Departamento Territorial de A Coruña coa mesma periodicidade. O incumprimento desta obriga implicará a non inclusión na relación adxunta á resolución de apertura do mes seguinte.

Comercialización: O prezo mínimo de venda será de 3'00 €/kg.

Xestión da explotación: Recoméndase que, con anterioridade ao comezo da explotación, concreten a planificación rotativa das catro subzonas de produción.

Mellora da produción: Contempla a posibilidade de continuar coa realización de traslados dende zonas nas que este recurso non ten unha boa taxa de crecemento nin bo índice gonadal, cara ás zonas con mellores condicións ambientais para o seu desenvolvemento. Estes traballos estiveron a desenvolverse no marco dun proxecto no que participaron todos os mergulladores do plan asociados ás confrarías da Coruña e Barallobre. A realización desta acción considérase axeitada co fin de repoboar bancos esgotados ou afectados servindo ademais como base para o deseño dunha boa estratexia de explotación rotativa. Respecto disto, acordouse a creación de tres áreas restrinxidas: a praia das Lapas e a enseada da Illa do pé, dentro da zona A, e Aguamexa na zona D. No plan sinálase a posibilidade de realizar estes traslados durante os meses de maio a decembro de 2011.

Deberán aclarar se a participación nestes traballos é obrigatoria para tódolos participantes no plan e designar as persoas responsables da organización e control.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.

Deberán **achegar**, con anterioridade á entrada en vigor deste plan, a seguinte documentación:

- Normas de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables.
- Organización e responsables dos traslados de ourizo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia